

RESOLUCIÓN

ASUNTO: DECRETO BASES CONCURSO ENTROIDO 2026

EXPEDIENTE: 2026/G003/000016

ANTECEDENTES:

En relación ás bases do concurso de disfraces do Entroido 2026 presentadas polo Departamento de Cultura e que din o seguinte:

As bases polas que se rexerá o concurso de disfraces Entroido Brión 2026 son:

Primeira.-

Poderán participar tódalas asociacións, comunidades, colectivos e persoas interesadas, sempre e cando cumpran os requisitos establecidos.

As persoas menores de idade terán que participar baixo a responsabilidade dunha persoa adulta, que ostentará a súa representación para todos os efectos que se deriven deste concurso.

Segunda.-

O Concurso de Disfraces Entroido Brión 2026 terá lugar o domingo día 15 de febreiro. As actividades previstas comezarán ás 16:30 horas cun desfile de todos os participantes dende o Pavillón Polideportivo Municipal ata o entorno do Parque de Lamiño.

Os participantes no concurso deberán presentarse no Pavillón Polideportivo Municipal unha hora antes do desfile para recoller os seus dorsais. A recollida de dorsais pecharase ás 16:15 horas.

Terceira.-

Quedan establecidas as seguintes categorías para a participación no concurso:

- 1.- Categoría Infantil Individual (participantes ata 11 anos).
- 2.- Categoría Xuvenil Individual (participantes de 12 a 17 anos).
- 3.- Categoría Adultos Individual (participantes de 18 anos en diante).
- 4.- Categoría Parellas.
- 5.- Categoría Grupos: grupos compostos por un mínimo de 3 persoas e un máximo de 9.
- 6.- Categoría Comparsas: grupos compostos por un mínimo de 10 persoas.

NOTA: un mesmo grupo de participantes non poderá presentarse en dúas categorías. Non se permitirán cambios de categoría o mesmo día do desfile. Aqueles concursantes que participen acompañados de calquera tipo de estrutura deben ter en conta que esta ten que estar adaptada ó percorrido e ás características das diversas infraestruturas nas que se desenvolve o concurso.

Cuarta.-

O prazo de inscrición será dende o día **26 de xaneiro ata o 12 de febreiro**. A mesma poderá realizarse persoalmente na **Casa da Cultura** ou por correo electrónico a cultura@concellodebrion.gal. Nas inscricións (excepto persoas físicas maiores de idade), teñen que nomear un representante, do que aportarán nome completo, NIF e teléfono de contacto, quen ha de asinar a solicitude e aportar a documentación administrativa que se require para efectuar o pago dos premios.

Quinta.-

O **tempo** de representación para **individuais e parellas** será de **1 minutos** como máximo. Os **grupos** terán un tempo de representación de **3 minutos** e as **comparsas** poderán actuar un máximo de **4 minutos**. No momento en que estes tempos se sobrepasen **a música será cortada**.

A **música** que acompañe ás actuacións de cada grupo debe ser entregada á organización en formato cd de audio ou mp3 como prazo máximo o 12 de febreiro.

Queda **totalmente prohibida** a utilización de animais e de efectos especiais (lume, fume, etc.) que non teña sido autorizados pola organización.

Sexta.-

Haberá os seguintes **premios** por categoría:

1. **Categoría Infantil Individual** (ata 11 anos):

- **1º Premio:** Vale de 60,00 € canxeable en libros, xogos ou material escolar.
- **2º Premio:** Vale de 50,00 € canxeable en libros, xogos ou material escolar.
- **3º Premio:** Vale de 40,00 € canxeable en libros, xogos ou material escolar.
- **4º Premio:** Vale de 30,00 € canxeable en libros, xogos ou material escolar.
- **5º Premio:** Vale de 20,00 € canxeable en libros, xogos ou material escolar.

1. **Categoría Xuvenil Individual** (de 12 a 17 anos):

- **1º Premio:** Vale de 60,00 € canxeable en libros, xogos ou material escolar.
- **2º Premio:** Vale de 50,00 € canxeable en libros, xogos ou material escolar.
- **3º Premio:** Vale de 40,00 € canxeable en libros, xogos ou material escolar.
- **4º Premio:** Vale de 30,00 € canxeable en libros, xogos ou material escolar.
- **5º Premio:** Vale de 20,00 € canxeable en libros, xogos ou material escolar.

1. **Categoría Adultos Individual** (de 18 anos en diante):

- **1º Premio:** 100,00 €
 - **2º Premio:** 75,00 €
 - **3º Premio:** 50,00 €
-

4. Categoría Parellas:

- **1º Premio:** 150,00 €
- **2º Premio:** 125,00 €
- **3º Premio:** 100,00 €

4. Categoría Grupos (3 a 9 persoas):

- **1º Premio:** 200,00 €
- **2º Premio:** 175,00 €
- **3º Premio:** 150,00 €
- **4º Premio:** 125,00 €

4. Categoría Comparsas (10 ou mais persoas):

- **1º Premio:** 300,00 €
- **2º Premio:** 250,00 €
- **3º Premio:** 200,00 €
- **4º Premio:** 150,00 €

Os premios faranse efectivos por transferencia bancaria, no número de conta que indiquen na solicitude, na semana posterior ao concurso. Aos que superen os 300 € aplicaráselle a correspondente retención, segundo o regulamento do IRPF.

De conformidade co artigo 11 da Lei Xeral de Subvencións poderán acceder á condición de beneficiario as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo a devandita actividade.

Cando se trate de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar a cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigacións que, como beneficiario, corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 desta lei. No caso de non especificar o reparto de compromisos entre cada membro e o importe da subvención a aplicar a cada un deles imputaráselle todo ó representante.

Séptima.-

Será obrigatorio participar no desfile que sairá do Pavillón Polideportivo Municipal percorrendo ás rúas

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

municipais de Paseo de Pedrouzos e Rúa Tarrío ata o entorno do Parque de Lamiño para formar parte do concurso de disfraces.

Será a organización do concurso a que determine si se suspende ou non por causas alleas ao mesmo.

Os participantes deberán levar visible en todo momento o dorsal entregado por orde de inscrición pola organización.

Oitava.-

A selección e comunicación dos gañadores será o mesmo día do concurso segundo valoración dun xurado composto por cinco membros designados para tal fin. A decisión do xurado será inapelable.

Valorarase a creatividade e orixinalidade, a calidade do traballo dos disfraces e dos complementos e a súa laboriosidade, a caracterización dos seus compoñentes, e a posta en escena durante o desfile, así como o lucimento e representación da mesma no espazo habilitado no entorno do Parque de Lamiño.

O xurado poderá declarar deserto un ou máis premios, no caso que ningún dos disfraces reúna os méritos suficientes, así como crear diferentes accésits no caso de que houbese premios desertos.

O xurado e a organización resérvanse o dereito de resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do concurso en todo o non previsto nestas normas.

Novena.-

O Concello de Brión non se fai responsable dos danos morais ou materiais que, a si mesmos ou a terceiros, ocasionen os participantes deste concurso de disfraces Entroido de Brión 2026.

Décima.-

O tratamento dos datos de carácter persoal axústase ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 (RGPD), e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

O responsable do tratamento é o Concello de Brión, que tratará os datos persoais facilitados polas persoas participantes coa finalidade de xestionar a inscrición, organización, desenvolvemento e resolución do concurso de disfraces do Entroido 2026, así como a comunicación de información relacionada co mesmo.

A base xurídica do tratamento é o cumprimento dunha obriga legal, o exercicio das competencias propias da Administración local e o interese público derivado da promoción de actividades culturais e festivas municipais.

Os datos poderán ser comunicados a outras administracións públicas cando resulte necesario para o exercicio das súas competencias. Así mesmo, no marco do desenvolvemento do concurso e da súa difusión, poderán publicarse datos identificativos das persoas participantes e imaxes do evento en medios de comunicación, páxinas web e redes sociais institucionais, así como noutros soportes de difusión.

Os datos conservaranse durante o tempo necesario para a correcta xestión do concurso e posteriormente de acordo coa normativa de arquivos e documentación administrativa. Non se prevén transferencias



**Concello
de Brión**

internacionais de datos.

Praza do Concello, 1
15865 – Brión

981 88 70 06
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade dos seus datos a través da sede electrónica do Concello de Brión ou de maneira presencial nos rexistros habilitados conforme á normativa do procedemento administrativo común. En caso de considerar que o tratamento dos seus datos persoais non se axusta á normativa vixente, poderán presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

Máis información sobre protección de datos persoais está dispoñible en:
https://sede.concellodebrion.gal/sxc/gl/sobrelasede/proteccion_datos/

Undécima.-

Toda persoa, parella, grupo, comparsa e participante en xeral que non acate as normas aquí expostas ou as dadas pola organización poderá ser descualificada e perderá o dereito a optar a calquera premio.

Duodécima.-

O feito de participar no concurso implica o coñecemento e aceptación das seguintes bases, polo que non poderán impugnarse unha vez formalizada a inscrición.

RESOLVO:

1º) Aproba-las bases presentadas.

2º) Adoptar o compromiso de dotar o crédito adecuado e suficiente no orzamento de 2026, non podendo adoptar ningún compromiso con repercusión económica ata que se conte con crédito axeitado e suficiente.

3º) Facultar ao Departamento de Cultura do Concello para a xestión deste acordo.

4º) Dar conta deste decreto a Intervención para o seu coñecemento e efectos.